



Manifesto do día 1 de outubro do 2023
DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES

O día 1 de outubro de 2023 conmemórase o 33 aniversario do Día Internacional das Persoas Maiores, designado pola Asemblea Xeral da ONU na súa resolución 45/106. Para **CCOO** non é un día de celebración, é fundamentalmente un día de reivindicacións e propostas que dean solución aos retos a que nos enfrontamos as persoas maiores.

As persoas maiores, consideradas un grupo de risco ante o virus da covid-19, sufriron e seguen a sufrir as súas consecuencias; non podemos esquecer que a crise sanitaria puxo o foco sobre as residencias, espazos de vivenda e convivencia nos que se infestaron e faleceron un número moi elevado de persoas maiores, en moitos casos sen recibiren asistencia médica.

Cómpre analizar a gravidade do ocorrido e cambiar o actual modelo de residencias —no que o 70% das prazas son privadas e, das públicas, un elevado número son xestionadas por empresas privadas— para que non se procure só o beneficio económico, senón o benestar das persoas usuarias.

Cómpre máis atención ás persoas no seu domicilio; hai que identificar as persoas con maiores necesidades de atención e priorizar as consideradas imprescindibles para reorganizar os recursos. Deben ser os e as asistentes sociais dos servizos sociais, baixo a debida coordinación sociosanitaria dos servizos públicos de saúde, os quen avalíen a situación das persoas usuarias, e non as empresas privadas que prestan estes servizos.

As últimas reformas do Sistema Público de Pensións e Seguridade Social van nesa dirección, a de lles asegurar ás persoas que se xubilan unhas pensións dignas que lles permitan cubrir as súas necesidades no plano económico. Hai que seguir avanzando para mellorar as pensións non contributivas, as pensións mínimas e, especialmente, ir pechando a fenda existente nas pensións contributivas que perciben os homes e as mulleres.

Por último, cabe recordar que a falta de implantación e recursos nas políticas de atención á dependencia ten un impacto directo nas condicións laborais e profesionais das mulleres, pois seguen sendo elas quen se ocupan maioritariamente dos coidados das persoas dependentes.

Por todo o anterior, o día 1 de outubro, a Federación de Pensionistas e Xubilados de CCOO reclamámoslle ao Goberno e ao conxunto das Administracións e poderes públicos o seguinte:

- 1.** O desenvolvemento e implantación de políticas públicas en materia de promoción da saúde é imprescindible para garantir o envellecemento activo. É necesario incrementar o gasto sanitario público ata o 7,5 % do PIB e o gasto en atención primaria ata o 25 % do total.
- 2.** Cómpre impulsar a atención domiciliaria ás persoas dependentes, así como reforzar os centros de atención diúrnos e nocturnos. Para articular o modelo residencial que necesitamos, é necesario ter protocolos de como se debe coidar as persoas usuarias das residencias.
- 3.** As persoas maiores preferimos envellecer nas nosas casas, pero un dos principais problemas é a accesibilidade ás vivendas. En España hai arredor de cinco millóns de persoas que non dispoñen de ascensor nas súas vivendas e uns 1,8 millóns que necesitan axuda para saíren delas.
- 4.** A formación das persoas que coidan, a súa dotación suficiente, mellorando as *ratios* actuais, a mellora das súas condicións de traballo, son elementos esenciais da calidade da atención que se precisa.
- 5.** Na axenda política do noso país debe incluírse unha «lei integral dos dereitos das persoas maiores» que garanta a súa protección específica, visibilidade e participación activa en todos os ámbitos da sociedade.
- 6.** Solicitamos que se baixe o prezo dos servizos esenciais, aprobando medidas eficaces de control de prezos, incluíndo a vixilancia dos prezos dos alimentos que ata o mes de agosto alcanzaron o 10,2 % sobre os prezos do ano 2022.
- 7.** Seguir garantindo pensións dignas e suficientes, tanto para as actuais persoas pensionistas como para as futuras, segundo o acordado no diálogo social, atendendo ás importantes fendas de xénero existentes.
- 8.** Revisar os criterios de acceso ao bono social térmico para que cubra máis colectivos en situación de pobreza enerxética, simplificar a carga burocrática e facilitar as xestións. Dar asesoramento e orientación pública sobre subvencións para a rehabilitación enerxética das súas vivendas e medidas de eficiencia enerxética.
- 9.** A transformación dixital debe realizarse de forma inclusiva, sen deixar a ninguén fóra por insuficiencia económica ou falta de capacitación para utilizar todos os beneficios xerados por ela. Hoxe, a transformación dixital impídelle ás persoas maiores unha plena adecuación ao mundo dixital.
- 10.** O Goberno debe terminar coa situación de discriminación que sofren as persoas maiores no acceso aos servizos bancarios, adecuando o servizo e os seus custos ás súas necesidades. Non son aceptables as elevadas comisións bancarias, nin que se grave carecer de medios tecnolóxicos ou da capacitación necesaria para operar mediante a banca en liña, para acceder aos nosos recursos.

Ante os problemas que ten o noso colectivo de persoas maiores e se non se teñen en conta as nosas propostas, as persoas pensionistas, xubilados e xubiladas de CCOO, conxuntamente coa sociedade organizada, seguiremos mobilizándonos para conseguilo.